

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de novembro de dous mil dezasete; as dez horas e cinco minutos da mañá xuntáronse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado seis de novembro do dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

-Escrito de don Julio Feijoo Sánchez, funcionario da Policía Local, solicitando cambiar o período vacacional concedido (1 ao 10 de decembro de 2017) polo período do 7 ao 13 decembro (ambos inclusive). Visto o informe favorable do xefe da policía local, a xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de dona Manuela Arias Vázquez solicitando que se inspeccione as inmediacións do edificio do bloque 2 de Maquians, na Nacional 120 por posible existencia de plaga de chinches, pudiendo provenir de galiñeiro na parte traseira do inmovible. A xunta de goberno local, en base ao previsto no artigo 3.1.k) da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, acorda dirixirse á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade en Ourense e solicitar que por parte dun veterinario se emita informe ao respecto.

-Escrito de don César Manuel Fernández Gil, en representación do grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia no que solicita do goberno municipal, que se encargue aos servizos municipais un informe técnico sobre que criterios se aplicaron para levar a cabo o cálculo dos trienios, de tal xeito que se sinala a normativa aplicada, a escala, o prezo do trienio, etc.”

A xunta de goberno acorda comunicarlle que os criterios aplicados os pode consultar con dona Sonia Couso, a técnica que tramitou o expediente, de forma conxunta cos servizos de intervención e tesourería. De calquera xeito, se solicitou a vida laboral aos traballadores, pudiendo haber algunha discordancia puntual, que ao ser recurrible o

decreto ditado por esta alcaldía sería perfectamente subsanable, caso de existir, previa reclamación do interesado ou interesada.

Prórroga de licencia de obra maior

Vista a solicitude formulada por dona Paula Andrea Ortiz con rexistro de entrada no concello 5394 de 8 de novembro de 2017 de “ prorroga do prazo de inicio das obras coa conseguinte prórroga do prazo de remate”

Considerando que con data de 31.10.2016 a Xunta de goberno local do concello de Ribadavia concede licenza de obras segundo “ Proxecto execución de vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos en Ribadavia (Ourense)” firmado polos arquitectos don Alberto Monreal Aliaga e dona Elisa Durán Pérez.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda:

-Conceder unha prórroga do prazo de inicio das obras de seis meses e do prazo de remate de tres anos , a contar dendo o día seguinte ó da recepción da notificación da presente, para a licenza de obras de “ Proxecto execución de vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos en Ribadavia (Ourense)” proxecto redactado polos arquitectos don Alberto Monreal Aliaga e dona Elisa Durán Pérez.

-Escrito de dona Josefa Rodríguez Balboa solicitando que se lle informe da acometida do edificio sito en Eduardo Chao nº9 para poder facer as substitucións pertinentes. A xunta de goberno acorda darlle traslado do informe emitido por Aqualia ao respecto.

-Escrito de dona María del Pilar Vázquez Covelas, en representación do Club Marusia Ourense, adxuntando resolución da Secretaría Xeral para o Deporte coa modificación da Xunta Directiva, solicitando que se teña por presentado aos efectos de inclusión no Rexistro de Asociacións do concello de Ribadavia.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia devolvendo expedientes de reclamacións por non ser a súa tramitación competencia da Axencia de Turismo de Galicia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Examinadas as solicitudes presentadas e vistos os informes sociais da traballadora social e baremo recollido nas bases das **axudas para material escolar do Concello de Ribadavia para o curso escolar 2017-2018**, e facendo uso das atribucións que lle confiren as disposicións vixentes, esta Alcaldía, acorda o seguinte:

A CONCESIÓN DA AXUDA OS SEGUINTES BENEFICIARIOS E CUANTÍAS:

Diana Freijido Dominguez con DNI 76711195P: 60.05€

Laura Rodríguez Fernández con DNI 34993659X: 61.10€

Marissela Mosquera Mosquera con DNI 44482474Z: 98.70€

Sandra María Picos Ulloa con DNI 44496165C: 80.53€

Lahad Fall con NIE X7876613X: 130€

Lilian Albornoiz Ordóñez con DNI 53553886L: 113.85€

Eva Neira Vázquez con DNI 76728751S: 94.95€

Marta Araujo Montero con DNI 76711240F: 94.95€

Lorena Rodríguez Cons con DNI 76727592Y: 95€

Total 829.13€

A DENEGACIÓN DA AXUDA DAS SEGUINTES SOLICITUDES E MOTIVO

Raquel Vidal Fidalgo con DNI 76727777F- Presentar a solicitude fóra de prazo e superar o importe económico máximo do baremo establecido nas bases.

Ana Isabel Rodríguez Medela con DNI 05427349Q- Superar o importe económico máximo do baremo establecido nas bases.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

Visto o expediente a nome de don Manuel Taboada Lois , co DNI 76690319Q , relativo á subvención para actuacións no 13ª Convenio de Actuacións na Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Redondela , na obra sita na rúa San Martiño nº18 de Ribadavia.

A xunta de goberno local , tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade. Acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 1.071,67 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, IGVS e o Concello , remitindo o devandito expediente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA “PARQUE ESCOLA SOBRE A RECICLAXE E HORTICULTURA ECOLÓXICA.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e Final da obra denominada “Parque Escola sobre a reciclaxe e horticultura ecolóxica ”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Miguel Angel Pérez Marquina, executado pola empresa Cocigal 2013 S.L., por un importe total de 39.999,99 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 e final, anteriormente indicada por importe de 39.999,99 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Cocigal 2013 S.L. co nº FE-2017-09, de data 13.11.2017, pola mesma cantidade.

Aprobación do proxecto de “ Acondicionamento Parque Xardinillos, Inf, Cultural , Concello de Ribadavia” obra do Plan Provincial

Visto o proxecto de “ Acondicionamento Parque Xardinillos, Inf.Cultural , concello de Ribadavia” de data setembro de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Jorge González Fernández, orzamento 54.999,99 euros.

Vista a Resolución sobre Actuación que afecta ao contorno de protección de bens de interese cultural da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria sobre” Proxecto acondicionamento Parque Xardinillos” que resolve “ Autorizar a execución do proxecto de “ acondicionamento parque xardinillos , Inf Cultural” na Rúa do Progreso e Conxunto Histórico Artístico de Ribadavia, en base ao indicado no apartado 5 das Consideracións Legais e Técnicas, coa consideración de conservar o arboredo existente.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2 “ As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto, logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística, así como do planeamento en vigor”

A xunta de goberno local , por unanimidade , acorda:

- Aprobar o proxecto de “ Acondicionamento Parque Xardinillos, Inf.Cultural , concello de Ribadavia” de data setembro de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Jorge González Fernández, orzamento 54.999,99 euros,coa consideración de conservar o arboredo existente.

- Declarar que a actuación cumpre coa lexislación e ordenación urbanística aplicable e dispón das autorizacións sectoriais esixibles.
- Poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para a execución das obras.
- Comprometerse a asumir tódalas indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias para dito fin.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº10/17.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº10/17, por importe de 31.999,99 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e trinta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE